



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA DE ESCAVACIÓN E CONSOLIDACIÓN NO XACEMENTO DOS CASTROS, LOURIDO-SOUTOLOBRE (SALVATERRA DE MIÑO, PONTEVEDRA), CAMPAÑA 2026

MEMORIA TRANSPARENCIA

Ángel Miramontes Carballada, director xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural formalizou co Concello de Salvaterra de Miño o instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de outubro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e o Concello de Salvaterra de Miño para a realización dunha actuación arqueolóxica de escavación e consolidación no xacemento dos Castros, Lourido-Soutolobre (Salvaterra de Miño, Pontevedra) co obxectivo operativo de conservar o patrimonio cultural galego.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convenial que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O xacemento castrexo dos Castros, ou Penedo dos Mouros, sitúase nunha zona coñecida polos veciños como os Castros, localizada entre as parroquias de Lourido e Soutolobre, no concello pontevedrés de Salvaterra de Miño.

Trátase dun poboado en altura formado por un recinto aterrazado de planta alongada de 80 por 56 metros, con orientación norte – sur, ampliado cara ao leste por un sistema de aterrazamentos. Tamén presenta foxo. A Croa está completamente ocupada por afloramentos graníticos de gran tamaño. Algúns dos afloramentos amosan formas chamativas e caprichosas por causa da





erosión, pero tamén hai que destacar a existencia de numerosas rochas con cazoletas de orixe claramente antrópica.

A nivel de protección este sitio arqueolóxico ten a condición de ben catalogado do Patrimonio Cultural de Galicia en base ao artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia, xa que forma parte do catálogo de bens culturais do Plan Básico Autonómico aprobado polo Decreto 83/2018, de 26 de xullo (DOG núm. 162, do 27.08.2018) co GA27049013.

Tendo en conta os valores culturais que posúe o xacemento dos Castros, Lourido- Soutolobre, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e o Concello de Salvaterra de Miño consideran necesario realizar neste ano 2026 novos traballos arqueolóxicos de escavación, consolidación e acondicionamento para favorecer a súa posta en valor e tamén para afondar no coñecemento deste sitio arqueolóxico e así avanzar na súa investigación e caracterización.

Os traballos de campo serán dirixidos por un/ha arqueólogo/a que cumpra os requisitos esixidos polo Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na realización das diferentes accións de difusión se fará constar a colaboración e financiamento da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxual.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

